



FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

PRESIDENCIA DA XUNTA

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2011 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

I.1.1. Diagnose de situación:

Onde estamos.

Coa denominación Fundación Deporte Galego, constitúese pola Administración Autónoma de Galicia, tralo acordo do Consello da Xunta de data 21 de decembro de 2000 e con escritura de constitución de 27 de abril de 2001, esta entidade de natureza fundacional e de interese galego no ámbito deportivo, para o impulso e fomento do deporte e a práctica deportiva, así como para a súa difusión entre os cidadáns. A Fundación, calificada e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, actuando de conformidade co establecido no ordenamento xurídico, tódolos actos que se estimen necesarios para o cumprimento dos seus fins. A Fundación réxese pola vontade do seu fundador, manifestada nos seus Estatutos, polos acordos que, en interpretación e desenvolvemento daquela vontade, establece o Padroado, así como, en todo caso, pola lexislación aplicable.

Durante estes anos a actividade da Fundación estivo principalmente centrada na xestión de instalacións, na realización de actividades e programas de promoción deportiva así como no apoio aos deportistas galegos, principalmente aos de alto nivel. No último trimestre do exercicio 2009, iniciouse tamén unha aposta decidida polos clubs de alta competición de Galicia, coa posta en marcha do Plan de patrocinio deportivo dos clubs de alta competición da nosa Comunicada Autónoma, que terá continuidade neste exercicio 2011.

Que condicionantes nos afectan.

A actual situación económica obriga a que as entidades pertencentes ao Sector Público ao igual que o fan as Administracións Públicas centren os seus esforzos económicos e de xestión a optimizar os recursos dos que dispón para contribuir a un mellor desenvolvemento do seu sector.

No ámbito deportivo, o tecido asociativo atópase nunha situación moi complicada para xerar recursos que financien a súa actividade. En momentos de crise as empresas privadas, fonte de financiación importante no sector deportivo, centran os seus recursos no orzamento de persoal, no investimento e en aspectos que repercutan de forma directa na cifra de negocio. Salvo en contadas excepcións, as empresas non ven unha rendibilidade clara no patrocinio deportivo, polo que o sector ve mermada esta fonte de financiamento e en moitas ocasións moitas entidades, incluso se plantexan rematar coa dinamización

deportiva que levaron a cabo durante moitos anos.

Por todos é sabido que a práctica de actividade física e o deporte é fundamental para garantir o benestar da cidadanía, polo que se desde o Sector Público non se fai un esforzo por apoiar o desenvolvemento da práctica deportiva na nosa Comunidade Autónoma, estariase propiciando, de maneira indubidable un detrimento da calidade de vida e saúde dos cidadáns. Asemade, a minoración do apoio do sector público ao ámbito deportivo, produciría unha incuestionable merma no sector económico ligado ao eido deportivo.

Onde queremos chegar

Tal e como se comenta no parágrafo anterior, en momentos de crise, o sector deportivo é un dos máis castigados á hora de xerar apoios económicos para o seu desenvolvemento. Se ben coa situación económico-financeira actual a práctica físico-deportiva individual e cotiá non se ve demasiado afectada porque non require duns medios custosos, o deporte de alto nivel si que sofre espectacularmente os efectos da crise.

De tal xeito, con estes orzamentos a Fundación Deporte Galego pretende, con carácter xenérico e principal, continuar apostando polo apoio ao deporte de alto nivel, tanto aos clubs de élite da nosa Comunidade como aos Deportistas Galegos de Alto Nivel. Por outra banda, a austeridade orzamentaria non debe impedir que en Galicia se desenvolvan tamén eventos deportivos de máximo nivel e de grande proxección internacional. A realización de eventos deportivos implica a chegada á Comunidade de deportistas, técnicos, directivos, familiares, afeccionados, etc... así como a retransmisión a outros puntos de España, de Europa e doutros continentes do evento deportivo en cuestión, así como unha proxección a todo o mundo dos lugares onde se levan acabo estes acontecementos deportivos. Preténdese, en definitiva, e sen obviar outros ámbitos, actuar cara a excelencia deportiva de Galicia.

Por outra banda, hai que salientar que en todas as actuacións que leve a cabo a Fundación no desenvolvemento do Plan de Actuación intégrese o principio de igualdade de xeito transversal. Desta forma, potenciarase a inclusión da perspectiva de xénero impulsando a participación e a práctica deportiva en xeral e a de alto nivel en particular.

I.1.2. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
Código	Descrición do obxectivo xeral	Criterio de ordenación (art. 1 da Orde do 18 de maio, instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da C.A.)

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS		
A	Promocionar o deporte, con especial incidencia do deporte de alto nivel.	A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial énfase nos colectivos máis afectados pola crise económica e garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención á dependencia. A consecución da dinamización económica, o crecemento e o emprego, mediante a modernización do tecido productivo e a potenciación da competitividade dos axentes produtivos como elemento da saída da recesión económica.
B	Apoiar ao tecido deportivo galego	A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial énfase nos colectivos máis afectados pola crise económica e garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención á dependencia. A consecución da dinamización económica, o crecemento e o emprego, mediante a modernización do tecido productivo e a potenciación da competitividade dos axentes produtivos como elemento da saída da recesión económica.
C	Fomentar e incrementar a práctica deportiva na Comunidade Autónoma de Galicia (obxectivo transversal aos obxectivos xerais descritos)	A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial énfase nos colectivos máis afectados pola crise económica e garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención á dependencia.
D	Optimizar a xestión das instalacións da Fundación	A mellora da cohesión social, o benestar e a calidade de vida, facendo especial énfase nos colectivos máis afectados pola crise económica e garantindo a prestación dos servizos fundamentais no ámbito da sanidade, a educación e a atención á dependencia. Acadar unha administración eficiente, moderna e cercana ao cidadán, mediante a optimización dos recursos materiais e humanos e a implementación de novos sistemas de xestión que faciliten os trámites aos administrados, de xeito que se reduzan os custos actuais na prestación dos servizos e se incremente a capacidade financeira da comunidade.
E	Fomentar o emprego entre os profesionais do deporte.	A consecución da dinamización económica, o crecemento e o emprego, mediante a modernización do tecido productivo e a potenciación da competitividade dos axentes produtivos como elemento da saída da recesión económica.

I.1.3. OBXECTIVOS OPERATIVOS

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
Código	Descrición do obxectivo operativo	Cuantificación	Programa da transferencia que o financia
AA	Apoiar aos clubs de alta competición de Galicia. Formalizaranse contratos de patrocinio publicitario cos clubs galegos de alta competición que participan nas máximas categorías nacionais da súa modalidade deportiva.	Arredor de 90 entidades beneficiarias cada ano	441A.04.60.443.0 e fondos propios

OBXECTIVOS OPERATIVOS			
AB	Apoiar aos deportistas galegos de alto nivel. A través dunha convocatoria de axudas apoiarase aos deportistas galegos de alto nivel co recoñecemento en vigor no exercicio 2011 e sucesivos.	Arredor de 200 posibles beneficiarios	441A.04.60.443.0 e fondos propios
AC	Apoiar aos deportistas galegos en fase de preparación e con opcións de clasificación para os XX.00 de Londres 2012. A través dunha convocatoria de axudas ou mediante contratos de patrocinio apoiarase aos deportistas galegos en fase de preparación e con opcións de clasificación para os XX.00 de Londres 2012	Arredor de 20(1) posibles beneficiarios	441A.04.60.443.0 e fondos propios
BA	Apoiar o desenvolvemento en Galicia de eventos de máximo nivel nacional e internacional. A través de contratos de patrocinio apoiarase a organización en Galicia de eventos deportivos de máximo nivel nacional e internacional.	Entidades beneficiarias e espectadores. Non é posible facer unha estimación	441A.04.60.443.0 e fondos propios
DA	Fomentar a práctica deportiva nas instalacións xestionadas pola Fundación directamente. Fomentarase o desenvolvemento de actividades deportivas e de ocio nestas instalacións. Desenvolvemento nestas instalacións de actividades dos Xogos Deportivos Escolares Galegos que organiza a Secretaría Xeral para o Deporte	4.500 usuarios nos Pavillóns da Coruña Arredor de 50.000 accesos no Complexo Acuático de Monterrei	441A.04.60.443.0 e fondos propios
DB	Fomentar a práctica deportiva nas instalacións xestionadas pola Fundación indirectamente. Fomentarase o desenvolvemento nestas instalacións de actividades físico-deportivas de calidade para os seus usuarios. Fomentarase o desenvolvemento nestas instalacións de actividades dos Xogos Deportivos Escolares Galegos que organiza a Secretaría Xeral para o Deporte	Máis de 17.000 usuarios nos Complexos da Coruña Máis de 10.600 no Parque Deportivo de Acea da Má	441A.04.60.443.0 e fondos propios
EA	Contratar persoal especializado no desenvolvemento de proxectos de análise e intervención na realidade deportiva galega. Desenvolvemento de proxectos deportivos por todo o territorio galego con persoal especializado.	14 traballadores	Subvención Consellería de Traballo e Benestar, 441A.04.60.443.0 e fondos propios
(1) Este número é un dato estimativo, dado que o número de deportistas que poida concorrer a esta liña vai depender do estado de preparación e dos resultados deportivos de cada un.			

I.1.4. ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS				
Código	Actuación	Importe(3)	(1)	(2)
001AA	Contratos de patrocinio cos clubs galegos que participan nas dúas máximas categorías nacionais da súa modalidade deportiva (edicións 2009/2010 e 2010/2011).	1.750.000 euros	NON	NON
001AB	Axudas para os deportistas galegos de alto nivel	500.000 euros	NON	NON
001AC	Axudas ou patrocinios para os deportistas galegos en fase de preparación e con opcións de clasificación para os XX.00 de Londres 2012	300.000 euros	NON	NON
001BA	Patrocinios para a organización de eventos deportivos relevantes de carácter nacional e internacional a celebrar en Galicia	500.000 euros	NON	NON

ACTUACIÓNS				
001DA	Programas deportivos nas instalacións xestionadas directamente pola Fundación en colaboracións coas entidades deportivas e centros de ensino usuarios das mesmas	507.085,07 euros	NON	NON
001DB	Deseño de programas físico-deportivos de calidade nas instalacións da Fundación xestionadas por empresas concesionarias, en colaboración coas mesmas.	18.201,17 euros	NON	NON
001EA	Desenvolvemento de programas de análise e intervención da realidade deportiva galega: Poñer en funcionamento as programacións e proxectos deportivos que cubran as demandas xeradas polas conclusións obtidas na recollida de información levada a cabo pola Fundación en exercicios anteriores. Potenciar mecanismos que permitan actualizar o coñecemento axeitado da realidade deportiva de Galicia: deporte escolar, deporte federado, alto rendemento deportivo, deporte recreativo, deporte tradicional, deporte para discapacitados e instalacións deportivas, a inclusión da perspectiva de xénero na práctica deportiva por parte do tecido asociativo galego, etc... Colaborar cos entes deportivos de Galicia na planificación a curto, medio e longo prazo nas actuacións específicas en materia deportiva. Contribuír ó proceso de integración laboral e interdisciplinar dos distintos ámbitos laborais da profesión deportiva: licenciados/as en Educación Física e diplomados/as en maxisterio Educación Física. Actualizar a base de datos en materia deportiva de concellos galegos, federacións deportivas, clubs, centros de ensino e entidades sen ánimo de lucro, para poñela a disposición de tódolos entes deportivos de Galicia e que a poidan utilizar como ferramenta de traballo. Analizar a práctica deportiva nos clubs deportivos galegos.	233.711,68 euros(4)	NON	NON
<p>(1)A actuación está integrada nun plan de eido superior. (2)Actuación de fomento do I+D+I. (3) Este importe contempla os gastos directamente aplicables ao programa. Os gastos complementarios figuran distribuídos no apartado correspondente na conta de resultados (Ficha F.3). (4) Corresponde aos custes estimados do persoal temporal</p>				

I.1.5. PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

INVESTIMENTOS									
Resumo Programa de Investimentos				Real	Estim.	Previsión			
Código	Descrición	(1)	(2)	2009	2010	2011	2012	2013	2014
		SI/NON	SI/NON						
...
TOTAL									
<p>(1)A actuación está integrada nun plan de eido superior. (2)Actuación de fomento do I+D+I.</p>									

A Fundación Deporte Galego non vai desenvolver programas de investimentos.

I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

I.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

INGRESOS

- Ventas e explotación de servizos

A distribución dos ingresos da Fundación polo desenvolvemento da súa actividade estruturase do seguinte xeito:

 - Cotas de usuarios e afiliados. Este ingreso refírese ás cotas dos usuarios dos catro pavillóns polideportivos xestionados pola Fundación Deporte Galego en Coruña así como das entradas e abonos do Complexo Acuático de Monterrei (Pereiro de Aguiar, Ourense) na tempada de verán
 - Exercicio 2011 (122.000 euros): Pártese dun importe inferior á previsión de execución do exercicio 2010, por prudencia, dada a actual situación económica e dado que os ingresos por entradas no Complexo Acuático de Monterrei do ano 2010 foron moi superiores ao da media dos últimos anos polas altas temperaturas deste verán. O 2010 non é o ano de referencia para facer esta estimación.
 - Exercicio 2012 (124.440 euros): Incrementábase un 2% sobre a previsión de ingresos do exercicio anterior.
 - Exercicio 2013 (126.928,80 euros): Incrementábase un 2% sobre a previsión de ingresos do exercicio anterior.
 - Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións: Este ingreso contempla aos patrocinadores da Fundación para a súa actividade ordinaria e para as actuacións concretas que se detallan nesta memoria, principalmente vinculado a patrocinios e axudas para o deporte de alta competición e para organización de eventos deportivos en Galicia:
 - Exercicio 2011 (754.237,29 euros): Pártese da execución de ingresos por patrocinios do exercicio 2010, vinculado ao desenvolvemento das actuacións descritas. De non producirse o ingreso non se desenvolverá a actuación, co cal a estimación é equilibrada respecto ao gasto, non xerando en ningún caso un déficit orzamentario.
 - Exercicio 2012 (800.000 euros): Similar ao exercicio anterior.
 - Exercicio 2013 (800.000 euros): Mantense o importe do exercicio anterior.
 - Ventas e outros ingresos da actividade mercantil: Esta partida contempla os ingresos polo explotación de máquinas expendedoras nas instalacións deportivas:
 - Exercicio 2011 (6.000 euros):
 - Exercicio 2012 (6.000 euros):
 - Exercicio 2013 (6.000 euros):

- Outros ingresos: Esta partida contempla os ingresos polo cobro dos cánones das concesións dos complexos deportivos da Coruña (Elviña, Sardiñeira e Agra) así como do Parque deportivo e Acuático de Acea da Má. Ámbalas dúas instalacións están cedidas pola Xunta de Galicia á Fundación para a súa xestión.
 - Exercicio 2011 (834.000 euros): Pártese dun importe similar á previsión de execución do exercicio 2010.
 - Exercicio 2012 (850.680 euros): Incrementábase un 2% sobre a previsión de ingresos do exercicio anterior.
 - Exercicio 2013 (867.693,60 euros): Incrementábase un 2% sobre a previsión de ingresos do exercicio anterior.

Subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIÓNS DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO					
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	4.571.055,26	2.247.824,87	2.564.949,20	2.564.949,20	2.564.949,20
DA UNIÓN EUROPEA					
TOTAL	4.571.055,26	2.247.824,87	2.564.949,20	2.564.949,20	2.564.949,20

- Exercicio 2009 (4.571.055,26 euros).
 - A distribución deste importe é a seguinte:
 - (62.577,78 euros). Corresponde a unha subvención nominativa da Consellería de Educación para o desenvolvemento de actuacións vinculadas ao proxecto Deporte na Escola.
 - (4.199.465,52 euros). Corresponde coas subvencións nominativas de 548.000 euros e de 3.651.465,52 € da Secretaría Xeral para o Deporte.
 - (309.011,96 euros). Corresponde á subvención da Consellería de Tránsito para a contratación de persoal temporal.
- Exercicio 2010 (2.247.824,87 euros):
 - A distribución deste importe é a seguinte:
 - (2.000.000 euros). Corresponde cunha subvención nominativa da Secretaría Xeral para o Deporte.
 - (247.824,87 euros). Corresponde á imputación no exercicio da subvención da Consellería de Tránsito para a contratación de persoal temporal.
- Exercicio 2011 (2.564.949,20 euros):
 - A distribución deste importe é a seguinte:
 - (2.375.000 euros) Corresponde á subvención nominativa da Secretaría Xeral para o Deporte.
 - (189.949,20 euros). Corresponde á imputación no exercicio da subven-

ción da Consellería de Traballo para a contratación de persoal temporal.

- Exercicio 2012 (2.564.949,20 euros):
 - A distribución deste importe é a seguinte:
 - (2.375.000 euros) Corresponde á subvención nominativa da Secretaría Xeral para o Deporte.
 - (189.949,20 euros). Corresponde á imputación no exercicio da subvención da Consellería de Traballo para a contratación de persoal temporal.
- Exercicio 2013 (2.564.949,20 euros):
 - A distribución deste importe é a seguinte:
 - (2.375.000 euros) Corresponde á subvención nominativa da Secretaría Xeral para o Deporte.
 - (189.949,20 euros). Corresponde á imputación no exercicio da subvención da Consellería de Traballo para a contratación de persoal temporal.

GASTOS

Gastos de persoal

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL *	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2009	22,74	6,36 %	806.185,92	20,88 %	35.452,33	13,65%
ESTIMADO	2010	19,50	-14,25%	707.062,20	-12,29 %	36.259,60	2,28%
PREVISIÓN	2011	16	-17,95%	622.642,84	-11,94 %	38.915,18	7,32%

*O custo total inclúe dietas e as indemnizacións por finalización de contrato do persoal temporal.

- **Variación no número de traballadores e nos custes**
- Exercicio 2009:
 - Variación anual no número de empregados:
 - No exercicio 2009 o número de empregados fixos era de 9, ao igual que en 2007 e na actualidade. Polo tanto, a variación non afectou ao persoal fixo.
 - O incremento porcentual no número de empregados derívase da contratación de persoal temporal ao abeiro dunha convocatoria de axudas da Consellería de Traballo que a Fundación recibe anualmente. Coa axuda de 2008 a Fundación tivo contratados 13 traballadores temporais ata o 17 de decembro de 2009 e coa axuda do exercicio 2009, o 30 de novembro deste ano contratou 14 novos efectivos, solapándose durante 15 días os dous grupos. Por este motivo e porque no grupo de nova incorporación hai un efectivo máis que no grupo salinte, increméntase

a porcentaxe.

- Variación anual no custo total do persoal.
 - O incremento no custe total do persoal dérivase do incremento do número de empregados e de que desde xaneiro de 2009, a Fundación aplica o V convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia, o que implicou un incremento nas retribucións básicas do persoal temporal contratado en decembro de 2008 respecto do persoal contratado no exercicio anterior. Así mesmo, produciuse un incremento respecto ao exercicio anterior do 3% nos salarios de todo o persoal e un 2% sobre a antigüidade, excepto o xerente que só incrementou a antigüidade. Esta modificación de convenio, así como a masa salarial para 2009 foi autorizada pola Dirección Xeral de Orzamentos.
- Variación anual no custe medio do persoal.
 - Prodúcese un incremento no custe medio dos traballadores porque neste exercicio, a Fundación cambia de convenio colectivo, como transición hacia o convenio vixente na actualidade. Este cambio produciu un incremento significativo na masa salarial do persoal temporal contratado neste exercicio respecto das retribucións do persoal temporal contratado no exercicio anterior.
- Exercicio 2010:
 - Variación anual no número de empregados:
 - A variación non afectou ao persoal fixo.
 - En relación ao persoal temporal, mentras en anos anteriores o período de contratación era de 12 meses, os 14 traballadores contratados en novembro de 2009 só tiveron contrato por 9 meses, rematando a súa alta na Fundación en agosto de 2010. Pola súa banda, na resolución da axuda da Consellería de Traballo e Benestar para este exercicio só figuran 7 traballadores, prevendo que comecen o 1 de novembro a traballar. Todos estes condicionantes reducen a media de número de empregados no ano 2010.
 - Variación anual no custo total do persoal.
 - A redución no custe total do persoal dérivase da redución de efectivos sinalada anteriormente:
 - Variación anual no custe medio do persoal.
 - Prodúcese un incremento dun 2,28% do custe medio por traballador, vinculado á incorporación de trienios por parte de 6 dos 9 traballadores de cadro a partir do mes de xullo. Na dirección contraria, hai que dicir que houbo 4 traballadores con baixas temporais.
 - Debido a que a media de traballadores temporais se reduce no 2010, aumenta o salario medio porque o custe medio dos traballadores fixos é

superior aos temporais. Canto maior é o número de efectivos temporais máis se reduce o custe medio da plantilla total, e viceversa.

- Exercicio 2011:
 - Variación anual no número de empregados:
 - Redúcese pola baixa de efectivos do persoal temporal ao pasar de 14 do 2010 a 7 neste exercicio.
 - Variación anual no custe total do persoal.
 - A redución no custe total do persoal derívase da redución de efectivos sinalada anteriormente:
 - Variación anual no custe medio do persoal.
 - O incremento do custe medio do persoal nun 7,32% débese ás seguintes cuestións:
 - Hai que salientar que se compara a estimación da execución do exercicio 2010 coa previsión do exercicio 2011. Polo tanto, non son datos homoxeneos,
 - No custe de persoal do exercicio 2010 figura unha redución do custe medio por catro baixas temporais, as cales non se prevén que se produzan en 2011 e polo tanto increméntase a previsión de custe medio.
 - 6 traballadores de cadro da Fundación comezaron a percibir o segundo trienio de antigüidade a partir de xullo de 2010, cobrando por este concepto só medio ano nese exercicio mentras que no ano 2011 cobrarán a totalidade do ano.
 - 2 traballadores de cadro cumpren o terceiro trienio en novembro de 2011.
 - Debido a que a media de traballadores temporais se reduce novamente no 2011, aumenta o salario medio porque o custe medio dos traballadores fixos é superior aos temporais. Canto maior é o número de efectivos temporais máis se reduce o custe medio da plantilla total, e viceversa

Servizos exteriores

SERVIZOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
CÓDIGO	DESCRICIÓN	2009	2010	2011	2012	2013
621	Alugueros	8.712,96	5.665,32	6.000	6.000	6.000
622	Mantementos	39.297,58	24.010,94	27.200	27.200	27.200
623	Servizos Profesionais	56.735,75	39.672,02	53.858	53.858	53.858
625	Seguros	24.791,81	9.335,26	24.000	24.000	24.000
626	Servizos bancarios	24,42	320,88	1.000	1.000	1.000

SERVICIOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2009	2010	2011	2012	2013
627	Patrocinios deportivos, publicidade e comunicación	1.891.259,47	2.019.583,76	2.260.000	2.310.000	2.600.000
628	Subministros	66.115,14	60.298,08	59.534	59.374	59.374
629	Outros servizos	167.243,67	39.241,43	57.088,76	57.883,61	67.754,77
TOTAL		2.254.180,80	2.198.127,69	2490691,76	2.539.315,61	2.839.186,77

Ningún destes servizos foi realizado anteriormente por persoal da Fundación, dada a especificidade dos mesmos.

Hai que salientar que os servizos exteriores co código 627 refírense fundamentalmente ás actuacións 001AA e 001BA descritas nesta memoria. En total estas dúas actuacións representan do total da partida para cada exercicio os seguintes importes:

- Exercicio 2011: 2.250.000 euros.
- Exercicio: 2012: 2.300.000 euros.
- Exercicio 2013: 2.590.000 euros.

Derivado das instrucións do Plan Contable para as entidades non lucrativas estas dúas actuacións hai que orzamentalas nesta partida, xunto cos gastos de publicidade e comunicación.

Dotacións para amortizacións

Estímase o mesmo importe para cada exercicio, tendo en conta a posibilidade a actualizar o mesmo inmovilizado que se amortiza. En todo caso é unha previsión, posto que é moi difícil establecer con precisión a dotación para amortizacións cando un ou varios elementos de inmovilizado se teñan que dar de baixa por avaría, deterioro, etc... Por este motivo, dependendo do tipo de elemento, este renovarase ou non.

Subvencións concedida pola entidade

SUBVENCIONES CONCEDIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
AGRUPADAS POR LIÑAS DE SUBVENCIONES/OBXECTIVOS	2009	2010	2011	2012	2013
Axudas para deportistas galegos de alto nivel (Obxectivo operativo AB)	0,00	500.000	500.000	500.000	500.000

SUBVENCIONES CONCEDIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
AGRUPADAS POR LIÑAS DE SUBVENCIONES/OBXECTIVOS	2009	2010	2011	2012	2013
Axudas ou patrocinios para os deportistas galegos en fase de preparación e con opcións de clasificación para os XX.00 de Londres 2012 (Obxectivo operativo AC)	0,00	0,00	300.000	300.000	0,00
Axudas para a organización de Campionatos de España e similares		120.000(1)	0,00	0,00	0,00
Axudas para a organización de eventos deportivos en Galicia e para a participación de deportivstas galegos en competicións de especial relevancia	1.980.988	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	1.980.988	0,00	800.000	800.000	500.000

(1) En proceso de execución.

1.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

ORIXES

Subvencións de capital recibidas.

SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO					
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	26.441,05				
DA UNIÓN EUROPEA					
TOTAL	26.441.05				

Non exercicio 2009 contabilízanse como subvención 26.441,05 € pola cesión por parte da Xunta de Galicia das oficinas que utiliza a Fundación Deporte Galego en Santiago de Compostela.

Aportacións patrimoniais

APORTACIONES PATRIMONIAIS RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO					

APORTACIÓNS PATRIMONIAIS RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA					
DOUTRAS ENTIDADES (ESPECIFICAR)					
TOTAL					

Non se realizou ningunha aportación patrimonial neste exercicios, nin se prevé no futuro.

Financiamento alleo a longo prazo

PRÉSTAMOS E CRÉDITOS A LONGO PRAZO RECIBIDOS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN		
	2009	2010	2011	2012	2013
DO ESTADO					
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA					
TOTAL					

Non se prevé financiamento alleo a longo prazo.

Distribución de resultados

DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS	2010	2011
BASE DE REPARTO:		
Resultados, neto de impostos		
Remanente de exercicios anteriores		
Outros conceptos (especificar)		
Total		
DISTRIBUCIÓN:		
Compensación rtdos negativos de exerc. anteriores		
Dividendos		
Outros conceptos (especificar)		
Total		

A Fundación mantén todos os resultados dos exercicios, nos fondos propios da entidade, co fin de capitalizar a mesma, se ben son destinados nos catro anos seguintes a actividade propia. Na previsión de execución dos exercicios 2010, 2011, 2012 e 2013 prevese resultado 0, polo que non hai nin resultados positivos nin negativos

Remanente de tesourería

REMANENTE DE TESOURERÍA	2010	2011
1. Dereitos pendentes de cobro	1.553.761,30	1.720.776,29
(+) Do orzamento corrente	222.749,70	310.779,82
(+) De orzamentos pechados	40.061,14	0,00
(+) De operacións non orzamentarias	1.174.726,74	1.334.995,47
(+) De operacións comerciais	178.944,75	137.721,04

de preparación e con opcións de clasificarse para os vindeiros Xogos Olímpicos.

